

Os seguintes documentos deben permitirche facer unha composición sobre a crise da monarquía absoluta no reinado de Carlos IV. Os sucesos de Aranjuez e a mediación de Napoleón (doc. 1), que en Baiona se fai cos dereitos ao trono español, no que coloca ao seu irmán Xosé, e elabora unha constitución que recolle algúns principios do liberalismo político (doc. 2). Para rexeitar este cambio dinástico e a ocupación napoleónica organízanse Xuntas, que asumen a soberanía ante o baleiro de poder e dirixen ás masas populares nunha guerra que os liberais aproveitarán para levar a cabo unha revolución política (doc.3).

#### Doc. 1

Señor, o meu irmán: V.M. saberá sen dúbida con pena os sucesos de Aranjuez e as súas resultas, e non verá con indiferenza a un rei que, forzado a renunciar á coroa, acode a poñerse nos brazos dun gran monarca, aliado seu, subordinándose totalmente á disposición do único que pode darlle a súa felicidade, a de toda a súa familia e a dos seus fieis vasalos.

Eu non renunciei a favor do meu fillo senón pola forza das circunstancias, cando o estrondo das armas e os clamores dunha garda sublevada facíanme coñecer bastante a necesidade de escoller a vida ou a morte, pois esta última seguido despois da da raíña.

Eu fun forzado a renunciar; pero asegurado agora con plena confianza na magnanimidade e o xenio do gran home que sempre mostrou ser amigo meu, eu tomei a resolución de conformarme con todo o que este mesmo grande home queira dispoñer de nós e da miña sorte, a da Raíña e a do Príncipe da Paz.

Dirixo a V.M.I. unha protesta contra os sucesos de Aranjuez e contra a miña abdicación. Entrégome e enteiramente confío no corazón e amizade de V.M. co cal rogo a Deus que vos conserve na súa santa e digna garda.

Carta de Carlos IV a Napoleón. 23 de Marzo de 1808

#### Doc. 2

No nome de Deus Todopoderoso, don Xosé Napoleón, pola graza de Deus, rei das Españas e das Indias: Oída a Xunta Nacional, congregada en Baiona por orde do noso moi querido e moi venerado irmán Napoleón, emperador dos franceses (...), decretamos a presente Constitución (...).

Art. 1. A relixión católica, apostólica e romana, en España e en todas as posesións españolas, será a relixión do rei e da nación, e non se permitirá ningunha outra. (...)

Art. 32. O Senado comporase: 1.º Dos infantes de España que teñan dez e oito anos cumpridos. 2.º De vinte e catro individuos, nomeados polo Rey entre os ministros, os capitáns xerais do Exército e a Armada, os embaixadores, conselleiros de Estado e os do Consello Real.

Art.61. Haberá Cortes ou Xuntas da nación compostas de 172 individuos, divididos en tres estamentos, a saber: o estamento do clero, o da nobreza e o do pobo. (...)

Art.72. Para ser deputado polas provincias ou polas cidades necesítase ser propietario de bens raíces. (...)

Art.96. As Españas e as Indias gobernaranse por un só código de leis civís e criminais.

Art.97. A orde xudicial será independente nas súas funcións. (...)

Art. 117.0 sistema de contribucións será igual en todo o reino. (...)

Art. 140. Os servizos e talentos serán os únicos que proporcionen ascensos.

Constitución de Baiona. 6-7-1808 [castelán]

#### Doc. 3

“...Pola súa orixe as Xuntas eran un poder revolucionario. Pero pola súa composición... pola súa identificación coa lexitimidade fernandina, pola ausencia nelas de proxectos e ideas políticas claras e unánimes, as Xuntas era un poder provisional, transitorio e, en todo caso, ambivalente... a Xunta Central Suprema... foi un goberno débil, incapaz e moi moderado, a antítese dun goberno revolucionario...A revolución española non naceu, pois, das ideas ou de conflitos entre o poder e a sociedade; naceu como consecuencia dunha situación de guerra e a guerra determinou o curso dos acontecementos. Tratouse dunha guerra desordenada e caótica, librada en múltiples fronte... e na que, xunto ás formas usuais da guerra tradicional, aparecerían como novidades a guerra de guerrillas e a resistencia popular en cidades asediadas (Zaragoza, Xirona)”...